

XXX

Expediente. Nº **RSCTG 40/2023**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 20 de febreiro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de abril de 2023, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de febreiro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resposta da Dirección de Augas de Galicia de data 2 de febreiro de 2023 á súa solicitude presentada perante Augas de Galicia con data 24 de xaneiro de 2023, de acceso ao último informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Nigrán emitido polo devandito organismo.

XXX indicaba que con data do 2 de febreiro se lle comunicou por Augas de Galicia, que os informes sectoriais evacuados polo dito órgano ao respecto da tramitación dos actos e plans en materia de ordenación do territorio e urbanismo, emítense en calidade de organismo consultado, polo que debe dirixirse ao Concello de Nigrán.

O dito informe obra en poder de Augas de Galicia e, ademais foi elaborado no exercicio das funcións de Augas de Galicia, polo que considera que é información pública e as motivacións para denegarlle copia de dito documento non están previstas na Lei 19/2013.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada asinada electronicamente e da comunicación remitida por Augas de Galicia.

**Segundo.** Con data do 24 de febreiro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante a Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de febreiro de 2023.

**Terceiro.** Con data do 31 de marzo de 2023 Augas de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que tras a solicitude XXX, Augas de Galicia remitiulle unha comunicación indicando que os informes sectoriais evacuados por Augas de Galicia ao respecto da tramitación dos actos e plans en materia de ordenación do territorio e urbanismo emítense en calidade de organismo consultado, polo que debe dirixirse ao órgano substantivo competente na tramitación do instrumento de ordenación citado, neste caso, ao Concello de Nigrán.

Considera Augas de Galicia no seu informe que é de aplicación a causa de inadmisión do artigo 18.1.b) da Lei 19/2013, por tratarse da solicitude dun informe entre órganos ou entidades administrativas e a causa establecida no apartado a) do mesmo artigo (información que estea en curso de elaboración), por canto o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Nigrán está en tramitación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, XXX notificóuselle a comunicación con data do 2 de febreiro de 2023 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 20 do mesmo mes debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

XXX solicitou acceso a un informe emitido por Augas de Galicia na tramitación dun expediente de aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal dun Concello, sen que por Augas de Galicia se emitise resolución expresa sobre a solicitude, tal e como establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón unha simple comunicación, na que se lle indica que debe dirixir a súa solicitude ao Concello.

No informe remitido por Augas de Galicia a esta Comisión, considera este organismo que a reclamación debe ser desestimada por ser de aplicación as causas de inadmisión establecidas no artigo 18.1.a) e b) da Lei 19/2013, ao tratarse de información en curso de elaboración e ser un informe entre órganos ou entidades administrativas, sen que os ditos motivos de inadmisión figuren na comunicación remitida XXX.

De conformidade co disposto nos artigos 27 da Lei 1/2016, e 20 da Lei 19/2013, nas solicitudes de acceso á información debe ditarse resolución expresa polo órgano competente, neste caso pola persoa titular da dirección de Augas de Galicia, que debe estar debidamente motivada no caso de que se denegue o acceso, e coa indicación dos recursos que contra ela se poden interpor, resolución que neste caso non consta que se ditase.

Respecto dos motivos de inadmisión alegados por Augas de Galicia no informe remitido a esta Comisión, non se pode aceptar que o informe solicitado XXX, informe emitido por Augas de Galicia na tramitación dun expediente de aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, sexa un informe que estea en curso de elaboración, por canto xa está remitido ao Concello, e debe entenderse por tanto que é definitivo, sen que poida por tanto ser aplicable a causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.a) da Lei 19/2013.

A necesidade de garantir a eficacia da actuación administrativa é unha das principais razóns que se utilizan para xustificar a conveniencia de non conceder o acceso á documentación que

se atopa en fase de elaboración ou de publicación xeral, así como documentos ou cuxa tramitación aínda non finalizou. Débese diferenciar, xa que se trata de situacións diferentes, os casos nos que un documento ou unha información se atopa en fase de elaboración, dos supostos nos que un expediente administrativo se atopa en curso, é dicir, non finalizado. Trátase de dúas situacións diferentes, aínda que ambas están caracterizadas pola falla de terminación, e que se debe ter en conta no momento de resolver una solicitude de acceso á información.

No primeiro caso, trátase dun documento ou dunha información en proceso de elaboración, que aínda non está terminado, e no segundo, trátase dun suposto no que o procedemento administrativo non se finalizou, pero no que poden existir documentos ou informes xa concluídos. No caso dos informes ou documentos finalizados, como sucede no presente caso, aínda que o expediente careza de resolución final, os documentos que xa estean incorporados ao mesmo, son documentos que constituén información pública aínda que o procedemento administrativo aínda se estea tramitando, e por tanto sen finalizar, non sendo por tanto aplicable a causa de inadmisión alegada por Augas de Galicia na fase de informe a esta Comisión.

Respecto á concorrencia da causa de inadmisión do artigo 18.1.b), información auxiliar ou de apoio, debe terse en conta que o dito artigo permite a inadmisión das solicitudes de acceso referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas. Documentación auxiliar ou de apoio é un concepto xurídico indeterminado que ha de ser resolto atendendo a criterios de sentido común, en relación co contexto en que se sitúa e ao que debe dársele unha interpretación claramente restritiva do ámbito de aplicación do artigo 18.1.b) da Lei, é dicir, unha interpretación abertamente favorable ao exercicio do dereito de acceso.

É a condición de auxiliar ou de apoio da información e non a denominación formal que a mesma poida recibir o elemento determinante para a aplicación da causa de inadmisión. A enumeración do artigo 18.1.b) é unha mera exemplificación que, en ningún caso, afecta a todos os conceptos enumerados, senón aos que realmente teñan a condición principal de auxiliar ou de apoio.

O Criterio interpretativo 6/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno concreta que a causa de inadmisión (entre outros motivos) xorde ante solicitudes de informes non preceptivos e que non sexan incorporados como motivación dunha decisión final. O criterio verdadeiramente determinante para a inclusión de determinada información no ámbito de aplicación do artigo 18.1.b) ven dado pola súa relevancia na tramitación do expediente ou na conformación da vontade pública do órgano. No presente caso, o informe emitido por Augas de Galicia na tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal ten carácter preceptivo,

como figura no informe do dito órgano emitido na tramitación desta reclamación e debe presumirse que será valorado na decisión final sobre a aprobación do expediente do plan ao que se incorporou, polo que non esta xustificada a inadmisión por este motivo.

Respecto do órgano que debe proporcionar a información solicitada, o artigo 19.4 da Lei 19/2013, establece que debe ser o órgano que elaborou a información solicitada o que debe decidir sobre o acceso. Por tanto, dado que o informe solicitado foi elaborado por Augas de Galicia, debe ser este organismo o que dite resolución expresa sobre o acceso ao mesmo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 20 de Febreiro de 2023, contra a resposta da Dirección de Augas de Galicia de data 2 de febreiro de 2023 á súa solicitude presentada perante Augas de Galicia con data 24 de xaneiro de 2023, de acceso ao último informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Nigrán emitido polo devandito organismo.

**Segundo:** Instar a Augas de Galicia a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, dite resolución expresas sobre a solicitude presentada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Augas de Galicia a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da resolución emitida.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**